



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

Expte. núm. 2020/G003/001472

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA. (Convocatoria de constitución de tribunal e celebración do 1º exercicio da bolsa de emprego de prazas de Escala de Administración Xeral Subescala Auxiliar (PS 4/2020))

Dado que polo Decreto da Alcaldía núm. 485/2020, do 9 de marzo aprobouse a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo para a confección dunha bolsa de emprego de prazas de persoal funcionario da Escala de Administración Xeral Subescala Auxiliar, e convocouse ás persoas aspirantes para a realización do 1º exercicio o día 13-3-2020 ás 12.00 horas.

Considerando a situación actual derivada da declaración de pandemia do “Coronavirus” o número de persoas aspirantes convocadas no proceso e o espazo reservado para a celebración polo Decreto da Alcaldía núm. 529/2020, do 12 de marzo, acordouse adiar a celebración do 1º exercicio do proceso selectivo para a confección dunha bolsa de emprego de prazas de persoal funcionario da Escala de Administración Xeral Subescala Auxiliar ata que se ditase unha nova resolución que determinase unha nova data de constitución do tribunal e de convocatoria de celebración do 1º exercicio que se publicaría oportunamente.

Considerando a mellora da situación da pandemia do “Covid 19” e co obxecto de que o Concello de Sada poida dispor á maior brevidade da dita bolsa de emprego, para poder xestionar ás necesidades de cobertura persoal existentes, ao abeiro da atribución que recolle o artigo 21.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local,

RESOLVO:

1º Convocar a constitución do Tribunal Cualificador do proceso selectivo para a confección dunha bolsa de emprego de prazas de persoal funcionario da Escala de Administración Xeral Subescala Auxiliar, que terá lugar o martes, día 14 de xullo de 2020, ás 9.00h no Edificio municipal de uso administrativo do Concello de Sada, situado na Avda. da Mariña núm.25 de Sada.

2º. Convocar ás persoas aspirantes para a celebración do primeiro exercicio que terá lugar o día 14 de xullo de 2020 ás 12.30 horas no IES Isaac Diaz Pardo, situado na Rúa da Lagoa 19 de Sada. As persoas aspirantes acudirán provistas do seu DNI

Dada a situación actual teranse que respectar, como mínimo, as medidas impostas polas autoridades sanitarias en vigor no momento de celebración das probas, sen prexuízo de que o tribunal considere reforzalas.

3º.O Tribunal cualificador estará composto polos seguintes membros:

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

Presidente: María del Carmen Seoane Bouzas, secretaria xeral do Concello de Sada

Suplente: Juan Carlos Antelo Martínez, técnico de administración xeral do Concello de Sada

Secretaria: María Belén Novo Reimúndez, administrativa de admón. xeral do Concello de Sada

Suplente: Isabel Dolores Blanco Barral, auxiliar de admón. xeral do Concello de Sada

Vogais:

Titular: Jaime Presas Beneyto, interventor do Concello de Sada

Suplente: Iago Andrés Benítez Martínez, auxiliar de admón. xeral do Concello de Sada

Titular: María Jesús Ramos Esperante, técnica-tesoureira do Concello de Sada

Suplente: Pablo Vázquez Pita, administrativo de admón. xeral do Concello de Sada

Titular: Iago Santamariña Piñón, administrativo de admón. xeral do Concello de Sada

Suplente: Andrés Varela Parafita, arquitecto do Concello de Sada

4º. Publicar esta resolución no taboleiro, no taboleiro da sede electrónica e na web municipal.

Documento asinado dixitalmente polo alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, e a secretaria, María del Carmen Seoane Bouzas.